

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018148	CPI de Atios	Valdoviño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A presente PD está enmarcada no Decreto 156/2022, do 15 de setembro (DOG do 26/09/2022), polo que se establece a ordenación e o currículo da Ed. Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver, e adaptar á realidade do noso centro, os preceptos neste recollido.

O CPI de Atios atópase no lugar de Atios, na parroquia de Valdoviño, no concello de do mesmo nome. O Concello de Valdoviño ten 6.594 habitantes, repartidos entre 8 parroquias, e todas elas nutren de alumnado ó noso centro. É un concello de diversidade natural e patrimonial, centrando a súa economía no sector terciario, xa que é receptor dunha importante cantidade de turismo, e cunha achega relevante do sector primario. Deste xeito, utilizarase o entorno próximo ao máximo, para poder entender distintos aspectos da materia.

No presente curso 2023 - 24, o número de alumnas/os de ESO en 4º da ESO, é de 28 alumnos/as.

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea.

Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico.

Neste senso, o cuarto curso da ESO, como nivel finalista para toda a etapa, debe recoller gran parte dos contidos e criterios abordados con anterioridade, sobre todo aqueles relacionados co Desenvolvemento Sostible -non tanto na súa faceta ecolóxica, senón máis ben no seu papel político e socioeconómico-, o papel do feminismo e os movementos sociais de cuarta xeración e a conformación das sociedades actuais globalizadas e postindustriais.

Aspectos que afectan tanto á historia como ciencia social que estuda o presente, como á xeografía humana e as súas principais preocupacións en canto ás consecuencias das relacións entre o medio físico, os recursos e a humanidade e que ao cabo conforman os grandes espazos rexionais do planeta e que ven afectados por similares problemáticas e conflitos que vivimos hoxe en día.

No aspecto puramente histórico abórdanse os séculos XIX, XX e XXI, desde as bases históricas da dobre revolución -política e económica- protagonizada polos Estados Contemporáneos ata a conformación da sociedade de clases e a súa evolución e caracterización ata o presente. Todo iso en referencia a un longo camiño balizado de procesos dramáticos, como o Imperialismo, o período de entreguerras ou a Guerra Fría, que veñen a interaccionar nunha realidade política e social cada vez máis plural e complexa.

Tamén, valórase a conformación dos procesos democráticos no mundo e en especial en España e Galicia, así como a conformación das distintas identidades individuais, sociais, colectivas e territoriais, que son resultado dos distintos avatares do pasado e os seus protagonistas. Un resultado, aínda aberto e mellorable condicionado polas decisións que o alumnado pode exercer no futuro como cidadáns dun mundo comprometido.

Por último, pero non menos importante, inclúense contidos artísticos e culturais que pretenden exemplificar, polo menos no básico, desde a arte moderna e postmoderno ata as plurais manifestacións actuais. Deberemos explicar non só a evolución formal senón tamén entender a arte contemporánea como unha linguaxe nova, rupturista e comprometida, resultado dos procesos artísticos previos e (des)conectado co noso presente.

En definitiva, o alumno de cuarto curso comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A construción do Estado Liberal en España no s. XIX. Evolución cultural, Rexionalismo e Nacionalismo.	<p>Nesta primeira unidade abordamos a expansión do liberalismo e a conformación do Estado Liberal en España, usando as principais fontes que visualizan este proceso.</p> <p>Partindo da Restauración Borbónica mostraremos o lento e complexo proceso de transformación política e social e España e Galicia, en especial no retardo na consecución dos dereitos sociais e laborais. Á vez valoraremos a evolución cultural da España do s. XIX en tanto en canto a formación dunha identidade multicultural compartida, partindo do Rexionalismo ata chegar a conformación e a importancia do Nacionalismo na España periférica, en especial no caso galego.</p> <p>E por último, valoraremos de xeito crítico, o papel das mulleres na España do s. XIX e o mesmo, no tocante á consecución dos seus dereitos e o papel que xogaron as pioneiras dos movementos sufraxistas, democráticos e políticos, facendo referencia ás súas</p>	8	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A construción do Estado Liberal en España no s. XIX. Evolución cultural, Rexionalismo e Nacionalismo.	principais protagonistas e ao cambio no seu papel social.	8	9	X		
2	A época do Imperialismo e o novo Colonialismo. As transformacións científicas e tecnolóxicas finiseculares.	Na segunda unidade partiremos da análise das relacións internacionais no s. XIX que desembocan na Era do Imperialismo, carreira convulsa e frenética por apoderarse do mundo extraeuropeo. Así mesmo valoraremos as causas, desenvolvemento e consecuencias do Colonialismo e os principais conflitos que advirten a futura Gran Guerra. Por último, e relacionado con este proceso, indicaremos as claves da revolución científico-técnica finisecular que provoca o gran desenvolvemento industrial, a captura de materias primas, a conquista de novos mercados e ao dominio do Mundo.	8	9	X		
3	A Arte do século XIX: Realismo, Impresionismo e Postimpresionismo. Movementos artísticos do s. XIX en España e Galicia.	A unidade terceira supón o colofón cultural e visual que permiten identificar cunha simple ollada os cambios impostos pola sociedade burguesa e o Capitalismo. Partindo do Realismo como bisagra entre a primeira e a segunda metade do s. XIX, clarificaremos o nacemento das novas expresións artísticas revolucionarias: o Impresionismo e o PostImpresionismo.	7	7	X		
4	A Primeira Guerra Mundial e as súas consecuencias. A Revolución Rusa.	A cuarta unidade é a última do 1º Trimestre, e aborda os conflitos e violencias provocadas a fines do s. XIX e inicios do XX que levan cara a I Guerra Mundial, acontecida trala Paz Armada. Describiremos os principais acontecementos da guerra e as súas repercusións, facendo fincapé no estudo crítico e comparativo con outros conflitos precedentes. Por último, integramos dentro da unidade a Revolución Rusa, ao ser esta producida en parte como consecuencia da Gran Guerra e que vai marcar as relacións internacionais cara a II Guerra Mundial.	7	8	X		
5	Dos "Felices anos 20" á Gran Depresión. O auxe do Fascismo e a Segunda Guerra Mundial.	A quinta unidade fai análise da situación económica mundial na segunda e terceira década do s. XX. A súa vez, abórdanse as relacións internacionais como consecuencia da I Guerra Mundial e a aparición dos Totalitarismos (Fascismo e Nazismo). A economía de entreguerras permítenos explicar os factores económicos como detonante político e social da sociedade, facendo especial diagnose do crack do 29. A súa vez indicaremos a conquista dos	8	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Dos "Felices anos 20" á Gran Depresión. O auxe do Fascismo e a Segunda Guerra Mundial.	<p>dereitos individuais e colectivos nestas décadas, sobre todo no caso das mulleres, facendo referencia ás súas principais protagonistas.</p> <p>Por último, valoraremos os conflitos e violencias no período de entreguerras que serán a orixe da nova Guerra Mundial. Describiremos as principais fases e etapas, e sobre todo as consecuencias directas da II Guerra Mundial.</p> <p>Todo isto, aportando un estudio crítico e comparativo con conflito anteriores e posteriores.</p> <p>Fito aparte, valoraremos criticamente o Holocausto xudeu e as súas consecuencias na historia mundial.</p>	8	9		X	
6	España ante o abismo: da Crise do 98 á Guerra Civil (1898 - 1939).	<p>Na sexta unidade pretendemos explicar a situación de España dende a Crise da Restauración e a Guerra do 98 ata a II República e a Guerra Civil.</p> <p>En dito período valoraremos a orixe, evolución e adaptación do sistema liberal e democrático en España a través das fontes, en especial no exemplo da II República española.</p> <p>Tamén resumiremos o proceso de conquista dos dereitos individuais e colectivos na primeira metade do s. XX. E por último, valoraremos o papel das mulleres na España do 1º terzo do s. XX no tocante a consecución dos seus dereitos e o papel que xogaron as pioneiras dos movementos sufraxistas, democráticos e políticos, facendo referencia ás súas principais protagonistas e ao cambio no seu papel social.</p>	7	8		X	
7	O Mundo trala Segunda Guerra Mundial (1945-1991): a Guerra Fría, a Unión Europea e a Descolonización. Consumismo e Terceira Revolución Industrial.	<p>Na sétima unidade, falamos do proceso de reconstrución trala II Guerra Mundial e a conformación dunha nova organización política internacional: Guerra Fría, Descolonización e o nacemento do "3º Mundo". Necesariamente explicaremos os principios conflitos e fundamentos xeoestratéxicos relacionados coa nova orde mundial.</p> <p>Tamén valoraremos o papel dos organismos internacionais na busca da Paz. Entremedias destes proceso xurde o precedente da Unión Europea como alternativa histórica á política tradicional no Vello Continente, cuxos obxectivos serán o asentamento da democracia, o desenvolvemento económico e a paz social e continental. Coñeceremos as súas institucións e funcións, así coma os máis</p>	8	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	O Mundo trala Segunda Guerra Mundial (1945-1991): a Guerra Fría, a Unión Europea e a Descolonización. Consumismo e Terceira Revolución Industrial.	importantes fitos no asentamento do Estado do Benestar en Europa. Por último, reflexionaremos sobre a 3ª Revolución Industrial e as consecuencias dela no asentamento do Estado do Benestar, o Consumo de Masas e os Novos Movementos Sociais (feminismo, ecoloxismo e pacifismo).	8	9		X	
8	España durante o Franquismo (1939-1975). A represión e a memoria democrática.	Na oitava unidade, abordaremos a Ditadura Franquista ao describir as súas principais etapas e características. Valoraremos criticamente a represión e as experiencias traumáticas provocadas pola Guerra Civil e polos corenta anos de Ditadura, distinguindo o diferente papel da historia e a memoria democrática, e o importante papel desta na reconstrución social e política da España actual.	6	8		X	
9	O Mundo Actual (1991-2020). Novos movementos sociais e emerxencias na segunda década do s. XXI. A Era de Internet e a Globalización.	Na novena unidade, partindo dos movementos xeoestratéxicos trala fin da Guerra Fría ata hoxe, valoraremos os posicionamentos e accións das principais potencias para contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sostible. Destacaremos as principais transformacións científicas e tecnolóxicas do s. XXI (dende unha perspectiva ética) e a complexidade da Globalización e de Internet e dos medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais. Tamén se abordarán os cambios culturais e novos movementos sociais de 4ª xeración nun mundo global: feminismo e dereitos da comunidade LGTBI+ (facendo fincapé na loita polos seus dereitos e a igualdade de xénero, citando exemplos relevantes), o novo ecoloxismo, pacifismo e o compromiso cívico e a participación cidadá (asociacionismo e voluntariado). En fin, reflexionaremos sobre a igualdade real de homes e mulleres, a eliminación da discriminación por identidade ou xénero e a consecución dos dereitos civís polas minorías.	7	8			X
10	Da Transición á España de hoxe (1975-2020). Cambio político e social cara o Estado do Benestar. Desafíos da España do s. XXI.	A penúltima unidade está dedicada á Transición política e a configuración do estado democrático en España trala fin da Ditadura e a Constitución de 1978 e a descrición do estado do benestar en España. Tamén abordaremos o Estado das Autonomías e en concreto o estatuto de autonomía de Galicia. Reflexionaremos sobre os efectos da memoria democrática -	8	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Da Transición á España de hoxe (1975-2020). Cambio político e social cara o Estado do Benestar. Desafíos da España do s. XXI.	dende un punto histórico, pero tamén presente e emocional-, a cohesión social e a integración, así como as medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. Por último, tamén xulgaremos criticamente o papel de España na UE e os valores do europeísmo a través de fórmulas como a participación en programas educativos europeos.	8	8			X
11	A Arte do s. XX ao s. XXI: Vangarda e PostVangarda e novas formas de expresión artística actuais. Movementos artísticos do s. XX e XXI en España e Galicia.	A derradeira unidade, estará dedicada aos principais movementos e expresións artísticas e culturais do s. XX e XXI: Primeiras e Segundas Vangardas e as novas formas de expresión artística postmodernas no mundo actual. Faremos especial fincapé na arte actual en España e Galicia, destacando aos principais artistas e o noso patrimonio como ben e como recurso. Valoraremos a posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial e a súa importancia na nosa realidade, á vez que fomentaremos o respecto e a conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia. Por último, analizaremos a diversidade cultural no mundo actual.	7	7			X
12	Destrezas e actitudes do s. XXI	Trátanse as destrezas que convén manexar nas Ciencias Sociais, e as actitudes que convén ter neste s. XXI inzado de retos para a sociedade actual.	19	15	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A construción do Estado Liberal en España no s. XIX. Evolución cultural, Rexionalismo e Nacionalismo.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Contestar ás cuestións da proba cun mínimo de coherencia e relación co tema.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución. - As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. - Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia. - O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea. - A evolución cultural da España do século XIX ao século XX e a formación dunha identidade multicultural compartida. Do Rexionalismo ao Nacionalismo na España periférica. O caso galego. - A acción dos movementos feministas e sufragistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
2	A época do Imperialismo e o novo Colonialismo. As transformacións científicas e tecnolóxicas finiseculares.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Contestar ás cuestións da proba cun mínimo de coherencia e relación co tema.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna. - As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.

Contidos	
- A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.	

UD	Título da UD	Duración
3	A Arte do século XIX: Realismo, Impresionismo e Postimpresionismo. Movementos artísticos do s. XIX en España e Galicia.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Contestar ás cuestións da proba cun mínimo de coherencia e relación co tema.	PE	70
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas. Realismo, impresionismo e postimpresionismo. Movementos artísticos do século XIX en España e Galicia. - A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia. 	

UD	Título da UD	Duración
4	A Primeira Guerra Mundial e as súas consecuencias. A Revolución Rusa.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Contestar ás cuestións da proba cun mínimo de coherencia e relación co tema.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - Conflitos e violencias provocadas a fins do século XIX e na primeira metade do século XX: da paz armada á Primeira Guerra Mundial. Principais acontecementos da guerra e as súas repercusións. Estudo crítico e comparativo. - A acción dos movementos feministas e sufragistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
5	Dos "Felices anos 20" á Gran Depresión. O auxe do Fascismo e a Segunda Guerra Mundial.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Contestar ás cuestións da proba cun mínimo de coherencia e relación co tema.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - As relacións internacionais como consecuencia da Primeira Guerra Mundial: da Revolución Rusa á aparición dos totalitarismos (fascismo e nazismo). A economía de entreguerras como detonante político e social: o crack do 29. O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco. - Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos. - Conflitos e violencias no período de entreguerras: orixe, desenvolvemento e consecuencias directas da Segunda Guerra Mundial. Estudo crítico e comparativo. O holocausto xudeu e as súas consecuencias na historia mundial. - A acción dos movementos feministas e sufragistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
6	España ante o abismo: da Crise do 98 á Guerra Civil (1898 - 1939).	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Contestar ás cuestións da proba cun mínimo de coherencia e relación co tema.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - As relacións internacionais como consecuencia da Primeira Guerra Mundial: da Revolución Rusa á aparición dos totalitarismos (fascismo e nazismo). A economía de entreguerras como detonante político e social: o crack do 29. O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco. - A conquista dos dereitos individuais e colectivos no século XX. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais e democráticos en España e no mundo a través das fontes: A Segunda República española. - A acción dos movementos feministas e sufragistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
7	O Mundo trala Segunda Guerra Mundial (1945-1991): a Guerra Fría, a Unión Europea e a Descolonización. Consumismo e Terceira Revolución Industrial.	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Contestar ás cuestións da proba cun mínimo de coherencia e relación co tema.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - Os fundamentos xeoestratéxicos desde a segunda metade do século XX ata a actualidade, a política de bloques, os conflitos da descolonización en Asia e África e a nova orde mundial. O papel dos organismos internacionais. - O proceso de construción europea. Integración económica, monetaria e cidadá. As institucións europeas. A extensión do estado do benestar en Europa. O futuro de Europa. - A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea. - Os fundamentos xeoestratéxicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade. - Os valores do europeísmo. Fórmulas de participación en programas educativos europeos.

UD	Título da UD	Duración
8	España durante o Franquismo (1939-1975). A represión e a memoria democrática.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Contestar ás cuestións da proba cun mínimo de coherencia e relación co tema.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea. - A memoria democrática. Experiencias históricas dolorosas do pasado recente e recoñecemento e reparación das vítimas da violencia.

UD	Título da UD	Duración
9	O Mundo Actual (1991-2020). Novos movementos sociais e emerxencias na segunda década do s. XXI. A Era de Internet e a Globalización.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Contestar ás cuestións da proba cun mínimo de coherencia e relación co tema.	PE	70
CA1.3 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - As transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI: a globalización e a era de Internet. Dimensión ética da ciencia e da tecnoloxía. Cambios culturais e novos movementos sociais: feminismo, ecoloxismo e pacifismo. Os medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais. - A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.

Contidos
- A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado.

UD	Título da UD	Duración
10	Da Transición á España de hoxe (1975-2020). Cambio político e social cara o Estado do Benestar. Desafíos da España do s. XXI.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Contestar ás cuestións da proba cun mínimo de coherencia e relación co tema.	PE	70
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.	TI	30
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.

Contidos

- A transición política e a configuración do estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O estado do benestar en España.
- Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
11	A Arte do s. XX ao s. XXI: Vangarda e PostVangarda e novas formas de expresión artística actuais. Movementos artísticos do s. XX e XXI en España e Galicia.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Contestar ás cuestións da proba cun mínimo de coherencia e relación co tema.	PE	70
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.
- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.
- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas: do expresionismo á abstracción. A vangarda europea na primeira metade do século XX: o cubismo e o surrealismo a través dos principais artistas españois e galegos.
- A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.
- Expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial: as segundas vangardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. A arte actual en España e Galicia.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.

UD	Título da UD	Duración
12	Destrezas e actitudes do s. XXI	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA1.4 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.	TI	100
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA2.5 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA2.8 - Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional, da comprensión e posta en valor da nosa memoria democrática e dos aspectos fundamentais que a conforman, da contribución dos homes e mulleres a esta, e a defensa dos nosos valores constitucionais.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA2.9 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA2.10 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA2.11 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza e adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA3.2 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA3.4 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA3.6 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA3.7 - Recoñecer as iniciativas da sociedade civil, reflectidas en asociacións e entidades sociais, adoptando actitudes de participación e transformación no ámbito local e comunitario, especialmente no ámbito das relacións interxeracionais.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Elaborar unha tarefa na que amose os comportamentos e accións mínimos que se requiren no CA.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.</p> <p>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en</p>

Contidos

- España e Galicia.
- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.
- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.
- Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información.
- Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo.
- Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais.
- Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.
- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimulen o interese do alumnado polos temas tratados na materia.

Para iso, as Unidades Didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ó máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos. Deste xeito, farase unha lectura das unidades didácticas, fomentando tamén a competencia clave lingüística, e procederase á conseguinte explicación por parte do/da docente. Esta explicación, poderá verse enriquecida con documentos de diversa índole, tanto escritos, coma audiovisuais.

Esta materia facilita tamén o dar unha aplicación práctica ós temas, partindo no posible da súa contorna inmediata, da realidade que eles/as coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese.

Dentro do posible tentarase facer algunha saída para observar en directo algúns dos fenómenos estudados na aula: coñecer unha industria ou unha estrutura agraria, visita a un museo de arte contemporánea, etc.

Na aula alternaranse os traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, facilitando a, comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase.

Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita -prensa, manuais, monografías, etc. - como oral ou visual -medios de comunicación, diapositivas, etc.-

Dentro de cada unidade comezarase por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación daranse a coñecer os obxectivos da unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento.

Tentarase ademais atender a cada alumno/a de forma individualizada, e flexibilizar o traballo adaptándose ós distintos ritmos dos rapaces e rapazas. Consideramos necesario permitirlle ao alumnado que afonde naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporte en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento dos contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos da docente
Edixgal
Fichas
Caderno do alumnado
Material audiovisual

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodolóxico a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e terase en conta, pero case coma material complementario.

Empregarase fundamentalmente, material elaborado pola docente, ao que se poderá acceder a través da plataforma de aprendizaxe Edixgal, onde se poderán programar traballos e actividades (visualizar vídeos, realizar tarefas interactivas...) que enriquezan a didáctica.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero a docente será selectiva no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable.

As novelas ou o cine que traten algún dos aspectos do currículo de cuarto adoitan ser un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e dispoñibilidade temporal.

Pode dispoñerse de xogos históricos para ser empregados nalgunha ocasión pois favorecen un bo clima escolar.

Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

No curso de cuarto abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, a democracia...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partiremos dunha avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos.

Deste xeito, e tamén antes de comezar unha unidade didáctica, farase unha tormenta de ideas ou pequenas preguntas recordatorio, destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender.

A consecuencia dos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de ditas probas, adoptaranse as medidas oportunas para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

O mecanismo para comunicarse coas familias, será as respectivas titoras/es, priorizando, tal e como se establece nas distintas ordes que rexen esta programación, os contactos a través das canles telemáticas.

De tódolos xeitos, contéplase que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades de dito alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	7	7	8	7	8	6	7	8
Proba escrita	100	100	70	100	100	100	70	100	70	70
Táboa de indicadores	0	0	30	0	0	0	30	0	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	7	19	100
Proba escrita	70	0	70
Táboa de indicadores	30	100	30

Criterios de cualificación:

Tódolos contidos, están enlazados coas competencias clave, nos criterios de avaliación e os obxectivos da materia. E para calquera deles, establécense os seguintes graos de concreción:

Excelente: o alumnado comprendeu e executou de forma global, clara e con detalle os termos do CA sen ningún tipo de erro nin omisión. Cualificación: 4/4

Bo: o alumnado comprendeu e executou de forma global e clara os termos do CA, incorrendo nalgún tipo de erro ou omisión non substancial. Cualificación: 3/4

Elemental: o alumnado comprendeu e executou de forma básica o CA, incorrendo nalgún tipo de erro ou omisión. Cualificación: 2/4

Insuficiente: o alumnado non comprendeu nin executou o CA presentando moitos erros significativos ou omisións substanciais. Cualificación: 1/4

Non realizado: o alumnado non executou o CA. Cualificación: 0

Establécese unha correspondencia numérica entre o grao de consecución dos CA e a cualificación deste tipo de saberes. Por exemplo, se unha pregunta dunha proba escrita se puntúa sobre 1, o grao de concreción do CA avaliado, estará entre 0 / 0,25 / 0,5 / 0,75 ou 1, aplicando a relación anterior.

Os instrumentos empregados para valorar os criterios de cualificación serán dous:

a) probas escritas:

realizadas durante o período de tempo que comprenda o trimestre. Haberá as probas que o/a docente considere necesarias, e poderán ter dúas partes:

- Unha de carácter conceptual, e consistirá na definición de conceptos ou no desenvolvemento de cuestións e temas, a modo de redaccións, nas que se amose a asimilación dos contidos conceptuais.

- Unha de carácter procedimental, e consistirá na realización de exercicios diversos: interpretación de mapas, elaboración de resumos e esquemas, identificación e comentario de gráficas, identificación e comentario de imaxes artísticas, comentario guiado de documentos históricos sinxelos...

Ditas probas escritas puntuaranse numericamente do 0 ao 10, entendendo que o aprobado se sitúa no 5. Para poder obter unha cualificación positiva, é preciso que se realice como mínimo a metade da parte conceptual e a metade da parte procedimental, é dicir, non se poderá deixar en branco toda a parte práctica, ou toda a parte teórica. En caso contrario, a proba será avaliada cun 4.

En caso de detectar ao alumnado copiando ou utilizando métodos non idóneos, procederase a retirar o exame e puntuar cun cero (0) dita proba.

De igual xeito, durante a realización das probas escritas, o alumnado non poderá estar en posesión nin utilizar dispositivos telefónicos móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico ou doutro tipo, que permita o almacenamento de información. A posesión e/ou uso dalgún destes dispositivos por parte do alumnado, e o coñecemento de dito feito por parte do profesorado, implicará a retirada da proba e a cualificación desta cun cero (0). A nota destas probas suporá o 70 % da nota final de trimestre.

b) táboas de indicadores:

realizadas durante o período de tempo que comprenda o trimestre. Para valoralas, terase en conta:

- a correcta execución das actividades feitas no caderno, cunha presentación nunhas condicións mínimas de organización, limpeza, lexibilidade e composición correctas
- a valoración de pequenos traballos de investigación, redaccións ou calquera outro tipo de exercicios propostos polo docente para a súa realización fóra ou dentro da aula
- actitudes amosadas ante os distintos contidos, tanto en tarefas coma no día a día na aula

Respecto ás tarefas a realizar, tanto de aula coma de fogar, a nota asignada, será proporcional ao traballo realizado é dicir: se nun trimestre se marcaron 10 tarefas, e o alumnado só realizou 5 adecuadamente, obtería 1'5 puntos nas táboas de indicadores. A nota destas táboas suporá o 30 % da nota final de trimestre.

Tanto nas probas coma nos traballos encargados valorados con táboas de indicadores, poderá restarse puntuación por faltas de ortografía, expresión e puntuación, en caso de que se produzan moitas, e sempre e cando a docente o crea necesario e eficaz para poder emendar a situación.

A cualificación trimestral obterase sumando a nota media das probas que se foron realizando ao longo do trimestre, cun valor equivalente ao 70%, á porcentaxe que lle corresponda segundo as táboas de indicadores dentro do 30% restante.

Dita suma realizarase, en caso de que a nota media das probas sexa, de polo menos, catro puntos (4). En caso contrario, a cualificación trimestral será insuficiente.

A cualificación trimestral será positiva, cando a nota resultante da suma da media de probas máis as táboas de indicadores, sexa de polo menos cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a suma final obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada.
- se a suma final obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribíranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente).
- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribíranse como un 6 ou un 7 respectivamente).

A cualificación final do curso obterase achando a nota media das tres avaliacións, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.

A cualificación final será positiva, cando esa nota media sexa de, polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada.
- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribíranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente).
- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribíranse como un 6 ou un 7 respectivamente).

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza aos pertinentes exames e non xustifique a ausencia de maneira debida, non poderá repetir a proba, obtendo unha avaliación negativa nela, e consignarse coma un cero (0).

En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da docente, realizarase a proba o día da súa incorporación e, unha vez comprobada e aceptada a xustificación, procederase a cualificar a proba.

Criterios de recuperación:

Cando unha avaliación trimestral sexa negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala, preferentemente despois do período vacacional correspondente. Para dita recuperación, realizarase unha proba escrita de similares características que as trimestrais, e avaliaranse os mesmos contidos que ao longo do trimestre a recuperar. De igual maneira que aquelas tarefas ou actitudes que necesiten ser recuperadas, e que foran cualificadas a través das táboas de indicadores.

En caso de que tras a recuperación da avaliación, continúe con cualificación negativa, poderá realizar unha proba

final no mes de xuño, para recuperar aquelas avaliacións que consten como suspensas. En dita proba, avaliaranse os mesmos contidos que ao longo do ou dos trimestres a recuperar.

Ditas probas de recuperación trimestrais e de xuño, serán cualificadas coma APTA ou NON APTA. En caso de ser apta, coma nota numérica consignarase cun 5. En caso de non apta, consignarase a nota que xa se establecera na avaliación trimestral, para calcular a nota a recoller en XADE coma nota final ordinaria.

En ditas recuperacións, nas que aparecerán exercicios correspondentes á materia dos parciais trimestrais, deben completalos correctamente nun número proporcional, non podendo deixar en branco todos os exercicios dun parcial. Por exemplo, unha alumna/o que teña que recuperar a 1ª avaliación, a través dunha proba de 10 exercicios, onde cinco corresponden ao 1º parcial e cinco ao 2º parcial, non tería aprobado se só realizase os cinco primeiros; debe realizar, cando menos dous de cada. En caso contrario, a proba avaliarase coma non apta, e consignarase un 4.

6. Medidas de atención á diversidade

Neste nivel educativo é máis frecuente que nos cursos de Primaria a existencia de alumnos e alumnas con moi diferentes necesidades educativas debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses.

Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

No referido ós obxectivos didácticos, procuraremos que haxa un equilibrio entre os distintos tipos de capacidades a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para alcanzar os mesmos obxectivos. Por exemplo:

Capacidades cognitivas: obxectivos referidos a identificar, recoñecer, etc.

Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio, de actitudes cívicas, habilidades sociais...

Capacidades de inserción social: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.

Capacidades de relación interpersonal: realización de tarefas en grupo, participación en debates, etc.

Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, de forma que o alumnado que non consigan algún obxectivo da etapa a través da materia de Xeografía e Historia, poida facelo a través doutras.

No referido os contidos tentarase:

- Fixar prioridades, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resulta básico aprender, e outros contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores.

- Establecer un equilibrio entre os distintos tipos de contidos (conceptos, procedementos e actitudes) tal e como se fixo cos distintos tipos de capacidades nos obxectivos didácticos.

Na avaliación procuraremos:

Deseñar distintos niveis de complexidade, diferenciando tres graos de dificultade:

1. Que recoñeza e identifique

2. Que analice e valore

3. Que analice e valore criticamente a información

Tentarase que cada alumno/a alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado.

Partindo das avaliacións iniciais en cada unidade e ao principio do curso considerarase a necesidade de utilizar reforzos ou exercicios complementarios.

Utilizaranse estratexias de avaliación variadas, como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Por último, hai unha serie de medidas de aula que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de metodoloxías diversas, combinando os métodos de exposición e indagación.

- Actividades diferenciadas segundo a posibilidade de alcanzar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos.

- Materiais non homoxéneos, combinando o libro de texto ou as monografíaes específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnado con dificultades de aprendizaxe.

- Agrupamentos flexibles, de forma que o alumnado poida ser cambiado de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.

- Utilización de ritmos distintos, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

Finalmente, para aquel alumnado que non consiga acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

- Reforzos educativos, consistentes na explicación personalizada da materia coa realización de exercicios específicos.

O alumnado que precise dun reforzo, haberá de alcanzar en calquera caso os obxectivos mínimos da materia para obter unha avaliación positiva.

- Adaptacións curriculares individualizadas, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que

poderán incidir tanto nos contidos como na metodoloxía e mesmo nos obxectivos, con probas deseñadas particularmente para os alumnos e alumnas que o necesiten.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental.							X	
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento.		X			X			
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.							X	
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor							X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental.	X	X		X
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento.	X	X		X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.	X	X		X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X	X		X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS... é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal inclúese a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, implican a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Complementaria		X	X
Asistencia a conferencias ou ponencias científico-culturais.	Complementaria		X	X
Viaxes científico-culturais de interese didáctico	Complementaria		X	X
Roteiros didácticos	Complementaria		X	X
Proxección de cine de interese pedagóxico	Complementaria		X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica leccións, ensina e avalía

Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Ofrece oportunidades de recuperación
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A temporalización foi adecuada.
Os criterios de cualificación foron axustados.
Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia
Emprega variedade de recursos
Resolve dúbidas
É innovador/a
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Revisa a realización das tarefas propostas
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Motiva ao alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras.
Realizouse a avaliación inicial
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.

Descrición:

O proceso de avaliación ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas, referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:

I. Avaliación inicial: ten lugar antes do comezo do plan ou programa e permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención. É a realizada como fase previa á elaboración desta programación.

II. Avaliación Formativa: ten lugar durante a implantación de dito programa e proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar os cambios e axustes necesarios.

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, en cada reunión mensual do Departamento os membros, irán valorando as adaptacións feitas na mesma, de forma que os problemas atopados poderán ser solucionados sobre a marcha. Unha vez ó mes este seguimento, coas modificacións realizadas, farase constar na acta das reunións.

III. Avaliación Final: Determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizar as distintas fases de avaliación e poder detectar as posibles modificacións, os membros do

Departamento no seu conxunto valorarán os resultados obtidos polos alumnos e alumnas dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e unha enquisa sobre a práctica docente cuberta polo alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación PROENS por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados

1. Plan de fomento da lectura

Na aula desenvolveranse estratexias de comprensión lectora como as seguintes:

- Lectura en voz alta. O alumnado lerá por quenda en voz alta, diferentes parágrafos, ben do libro de texto, ben de artigos de xornais ou outro tipo de textos aportados polo profesorado. O docente realizará a continuación una serie de preguntas, para comprobar o grao de comprensión adquirido pola clase.
- Lectura en voz baixa. Lectura individual dalgún texto, sobre o cal o alumnado realizará actividades escritas que servirán para coñecer o nivel de comprensión acadado.
- Narrativa. Utilización da novela histórica para reforzar ou complementar algunha das unidades didácticas máis áridas.

2. Tratamento do fomento das TICs. Plan Dixital. Programa Polos Creativos

Colaboramos na aplicación do Plan Dixital existente no centro, fomentando o uso das novas tecnoloxías e de tódalas posibilidades que nos ofrecen. Algúns dos usos das TIC que temos previsto facer son os seguintes:

- Busca de información en páxinas web, para completar traballos: de investigación para expoñer na aula, sobre diferentes personaxes, feitos históricos...
- Uso de programas informáticos como Power Point, Canva, Clipchamp... tanto por parte do profesorado como do alumnado.
- Uso do encerado dixital e da aula de informática.
- Uso dalgunha aplicación de móbil.
- Uso da plataforma EDIXGAL.
- Uso de tódolos materias que se faciliten ao centro ao formar parte do programa Polos Creativos, para o cal fixemos achegas dende este departamento.